



-ESTAMOS EN PROBAS-
Mádanos as túas suxerencias

Foro de opinión
Intercambia opinións con outros lectores

¿Quieres colaborar?
Mádanos os teus artigos

Omnibus non se responsabiliza das opinións dadas polos seus colaboradores/as.

Prohibida a súa distribución con fins comerciais. Se desexa reproducir a páxina nalgun medio de comunicación, consulte primeiro co autor/a.

Suscríbete á Omnibus
Recibe no teu correo os novos artigos aparecidos na omnibus.

nome
e-mail
Enviar



Expón as tuas fotos na galería virtual de Omnibus.
Neste número, vai de pontes



4

Política

A ollada caleidoscópica

Raimundo Viejo Viñas

O autor analiza neste texto a particular xeografía do movemento anti-globalizador a partires dos feitos acontecidos en Seattle, Praga, Chiapas, Niza ou Davos, un movemento que ten algo de "erupción volcánica ou de mapa do meteosat no que asistimos a unha sucesión acelerada de revoeirias que se fan e se desfán, inasequibles ao desalento, inaprensibles a quen as quixer hexemoniza". Raimundo Viejo apunta que no devir global da sociedade, "a disxuntiva estratéxica loita pola emancipación principia por recoñecer o dominio das ferramentas, por identificar o ser exterior ao sistema mundial como un imposible metafísico e optar decidida e definitivamente pola reapropiación interior do propio pensamento e do propio corpo, por fornecer os fundamentos da propia autonomía; por construír, en definitiva, a nosa propia materialidade desde a continxencia e a subversión".

Raimundo Viejo Viñas

cpmundo@usc.es

Pola reapropiación da opinión pública virtual desde o non-lugar.

Seattle, Praga, Chiapas, Niza ou Davos; a xeografía do movemento por outro mundo posible ten algo de erupción volcánica ou de mapa do meteosat no que asistimos a unha sucesión acelerada de revoeirias que se fan e se desfán, inasequibles ao desalento, inaprensibles a quen as quixer hexemonizar. En van as organizacións tradicionais de partido aspiran a centralizar e verticalizar o impulso creador desta nova vaga de mobilizacións. A lóxica organizativa do proletariado masa, a teoría leninista do partido, calquera que sexa a súa acepción, resulta inoperante. Pois cada burbulla de lava candente, cada remuíño furacanado está feito de rebeldía, integrado por subxectividades nómadas e irreducibles que se redefinen a cada momento e se reorganizan, sobre a continuidade de loitas e resistencias, nun proceso de permanente recoñecemento da mútua alteridade, de identificación do outro desde o si propio, coma se dun caleidoscopio se tratar. Ecoloxistas, feministas, indixenistas, socialistas, pacifistas, anarquistas... Tal é a ollada caleidoscópica: un omnibus; do latín para tod@s.

E como a vella toupeira de Karl Marx, estas subxectividades espalláronse primeiro subteraneamente, mediante unha estrutura "rizomática" -no dicir de Deleuze e Guattari-, e agromaron despois impulsadas sobre unha tal estrutura reticular e descentralizada que se incardinou no tecido mesmo da economía posfordista; disto que, nunha palabra, damos en chamar "cibercapitalismo". Tal é a natureza contradictoria da economía realmente existente: o intento fútil e ilimitado de apropiación privada dun traballo vivo e inmaterial, froito dun proletariado intelixencia que tece redes para a resistencia e, por ende, para a reapropiación común do producido. Sobre unha paisaxe de fábricas en ruínas téntase erixir a New Economy, desterritorializada, virtual, informatizada, inmaterial. O traballo morto xa non produce os grandes beneficios e por iso mesmo cómpre mercantilizar a intelixencia, a creatividade; abandonar definitivamente o réxime disciplinario da factoría e reorganizar a produción por medio dun réxime de control, un Gran Irmao reificado por obra das engranaxes, resortes e mecanismos da telemática policial e militarista. Na era do cibercapitalismo somos os parafuxos pensantes da máquina virtual, produtor@s nómadas ás/aos que non queda máis opción que a sabotaxe itinerante, a insubordinación contra as regras da maquinaria productiva; como wobblies do século XXI non temos alternativa: Tod@s somos hacker!

Por isto mesmo, no devir global da sociedade, a disxuntiva estratéxica na loita pola emancipación principia por recoñecer o dominio das ferramentas, por identificar o ser exterior ao sistema mundial como un imposible metafísico e optar decidida e definitivamente pola reapropiación interior do propio pensamento e do propio corpo, por fornecer os fundamentos da propia autonomía; por construír, en definitiva, a nosa propia materialidade desde a continxencia e a subversión. Aquí é onde se inxire o imperativo da (re-)construcción dunha opinión pública entendida non xa como un "espacio aberto" ou Öffentlichkeit moderna e habermasiana artellada sobre a escisión ou

Sobe á Omnibus
Vente de viaxe coa omnibus. Podes ser un pasaxeiro, mecánico, conductor, copiloto, etc... Hai moitas maneiras de participar e colaborar.

e-books Omnibus
Descarga totalmente gratis o e-book "Coloquio de 24 gallegos rústicos". En e-books Omnibus poderás disfrutar das mellores lecturas en formato electrónico.

Outros artigos do Nº
Non hai máis artigos en esta sección

Noutros Números.
Non hai máis artigos en esta sección

Enlaces asociados

- ¿Ilusos contra a globalización?...
- ¿Punto... e seguido?...
- O Forum Social 2002 e nós...
- O Globalizador que xurdiu do frío...
- Globalización e resistencia...

Documentos asociados
Documentos non dispoñibles

- Artigos + visitados**
- 'Patafísica?
 - De quem são as línguas?
 - Por que atraso
 - Identidades na Sociedade da In
 - 'Patafísica e Poesia. Entrevi
- Ligazóns + visitados**
- <http://www.maketradefair.org/s>
 - <http://www.galeon.com/bvchoms>
 - <http://www.rebellion.org/econo>
- Documentos + visitados**



schizo (**scizo**), senón como “espacio común” multitudinario, opinión de cada quen informada desde o non-lugar como instancia do insurreccional. Pois informar non é senón dar forma, producir, crear, liberar o poder constituínte que latexa baixo as propias estruturas institucionais do constituído. E deste xeito, informarse... darse forma, producirse, crearse... constituíndose, para o común e desde o común; procurando a liberación da multitude, a constitución mesma da potencia. E por fin, neste deliberar productivo desde o non-lugar, na permanente e vital necesidade da produción simbólica e interactiva do real, desentrañar o movemento real que permite a superación do presente estado das cousas.

Páxina 1



□ A Valoración media:



A ollada cega



Non resultaría máis efectivo para a causa anti-globalización a publicación de artigos entendibles por todos? [máis...](#)

Anti-globalizador

A ollada cega



Non resultaría máis efectivo para a causa anti-globalización a publicación de artigos entendibles por todos? [máis...](#)

Anti-globalizador

Criar umha nova linguagem



Graças polo teu esforço anovador. Gostei moito do teu artigo. Abonda já coa retórica estéril e as palabras agradecidas para malas consciências. Sem um [máis...](#)

Umha globalofóbica xerlga@latinmail.com

[máis opinións](#)

[a túa opinión](#)